



CORUÑA
>PRÓXIMA

FESTI=

Festival de artes pola inclusión cultural

Festi= é o Festival de artes pola inclusión social, un punto de encontro para que toda a cidadanía teña a oportunidade de coñecer e gozar da cultura sen barreiras. **Festi= é un festival expandido**, con varias citas e proxectos, e cunha data protagonista: **o 3 de decembro, Día Internacional da Diversidade Funcional e Sensorial**. Vai ser unha xornada que terá como protagonistas ás entidades sociais da cidade, e que estará chea de actividades para públicos de todas as idades e libre de barreiras físicas ou sensoriais.

O Festi= enmárcase dentro do programa **Cultura Accesible e Inclusiva**, que ten como obxectivo favorecer a inclusión e a accesibilidade das persoas con diversidade funcional, sensorial ou cognitiva na vida cultural e artística, excluindo calquera barreira ou impedimento que dea lugar á súa discriminación., O Festi= presenta os resultados da primeira convocatoria deste programa. que deu lugar ás sete iniciativas culturais e artísticas que se presentan. A segunda convocatoria está aberta até o 15 de novembro.

PROXECTOS PARTICIPANTES

Sociedade Filatélica da Coruña. *Debuxa o teu selo.*

Concurso de pintura dirixido a persoas con discapacidade cognitiva no que os deseños premiados forman parte dunha exposición con sede na Sala de Exposicións do CGAI. Co debuxo gañador do primeiro premio editouse un selo de Correos.

Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña. *Un museo en movemento*

O museo saíu das súas instalacións para se achegar ás contornas das persoas con dificultades



CORUÑA
>PRÓXIMA

cognitivas ou de mobilidade.

Asociación Cultural para a Integración Social 'Diversos'. *Torre de Babel.*

Obra de teatro na que participan persoas con e sen discapacidade.

Asociación sociocultural 'La Quinta del Arte'. *Desde o invisible.*

Estrea de 'La Gran Boda', obra de teatro na que participan persoas con e sen discapacidade e obradoiros de arte dramática.

Demusicade. Asociación para o Desenvolvemento da Cultura Musical na Infancia para Colectivos Desfavorecidos e en Risco de Exclusion Cultural. *Músicas participativas e inclusivas.*

Recitais e obradoiros realizados por compoñentes da Orquestra de Cámara Galega en colectivos de persoas con discapacidade intelectual.

Asociación Cultural Tres por Cuatro. *Músicas participativas e inclusivas.*

Obradoiros de musicoterapia para persoas con discapacidade.

Asociación Proxecto Máscaras. *Un día de cine*

Elaboración dunha curtametraxe con participación de persoas con discapacidade e alumnado de 6º de primaria do colexio Calasancias, que está implicado en todas as fases da produción (guión, interpretación, música...).

Asociación Amigos da Ópera da Coruña. *Ciclo de lírica inclusiva.*

A asociación leva a lírica a públicos e espazos pouco habituais, co obxectivo de fomentar a apreciación musical desta disciplina.

Guadi Galego. *O mundo está parado.*

O terceiro traballo discográfico en solitario de Guadi Galego chama a pararse a pensar, a darlle unha medida máis reflexiva e inclusiva un mundo que, de tan acelerado que vai, está parado no máis humano. Aromas pop entre a tradición e a vangarda.



CORUÑA
>PRÓXIMA

María Fumaça. Aire.

María Fumaça nace como unha idea de Uxía para agasallar a Ruí, o seu afillado, un neno maravilhoso que ten unha discapacidade. Neste terceiro disco, *Aire*, chegan un lote de cancións de diferentes estilos pero presididas pola filosofía do primeiro traballo: a alegría de vivir, de ser, de estar no mundo, de compartir. Unha ollada diferente sobre o mundo.

Caxoto. A trastenda dos contos: unhas gafas como as do avó.

Espectáculo a medio camiño entre o teatro e a narración oral. Conxuga a lingua oral e a lingua de signos, creando un espectáculo integral onde unha lingua non ten sentido sen a outra.

PROGRAMACIÓN FESTI= EXPANDIDA

2 de novembro. *Ciclo de Lírica Inclusiva* da Asociación de Amigos da Ópera da Coruña. 18:30 horas, C.C. de Os Mallos.

16 de novembro. *Ciclo de Lírica Inclusiva* da Asociación de Amigos da Ópera da Coruña. 18:30, C.C. de Monte Alto.

Do 9 ao 26 de novembro poderase visitar no espazo para exposicións do CGAI a mostra da Sociedade Filatélica.

23 de novembro. *Experimentadanza*, da Asociación Diversos. 17:00, Casa da Auga da Fundación Emalcsa.

28, 29 e 30 de novembro. Na semana previa ao Día das Diversidades, realizarase un Obradoiro de Formación de La Quinta del Arte, que culmina coa presentación do proxecto ensaiado na programación do 3 de decembro.



CORUÑA
>PRÓXIMA

PROGRAMACIÓN FESTI= 3 DE DECEMBRO

DÍA INTERNACIONAL DA DIVERSIDADE FUNCIONAL E SENSORIAL

PRAZA MARÍA PITA

12:00. Acto de entidades sociais.

12:30. Acción sorpresa con Guadi Galego.

13:00. Actuación de María Fumaça, o proxecto de música infantil inclusiva da cantante Uxía.

CENTRO ÁGORA

14:30. Concerto de Demusicade.

15:00. Xantar de convivio.

16:00. *Torre de Babel*, de Diversos. No auditorio.

16:00 a 18:00. Obradoiro de filatelia e presentación da exposición da Sociedade Filatélica.

17:00. Tres por Cuatro presenta a Robert Pier e alumnado.

17:30. Proxección e charla *Un día de cine*.

18:00. Representación da montaxe ensaiada nos obradoiros previos de La Quinta del Arte.

18:30. Obradoiro *Un museo en movemento*, da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes.

19:00. Espectáculo *Unhas gafas como as do avó*, de Caxoto.

20:00. Concerto de Guadi Galego. No auditorio.

www.coruna.gal/igualdade/festigual